

PROXECTO ORGANIZATIVO CLARO QUE PODEMOS A CORUÑA

TÍTULO I.- ÓRGANOS MUNICIPAIS

Art. 1.- Principios básicos da estrutura territorial

Art. 2.- Asemblea Cidadá Municipal

- 2.1.- Definición
- 2.2.- Competencias
- 2.3.- Mecanismos de convocatoria
- 2.4.- Modificacións estatutarias
- 2.5.- Toma de decisións

Art. 3.- Consello Cidadán Municipal

- 3.1.- Definición
- 3.2.- Competencias
- 3.3.- Mecanismos de convocatoria
- 3.4.- Funcionamiento
- 3.5.- Regulamento
- 3.6.- Mecanismos de elección e revogación

Art. 4.- Secretaría Xeral Municipal

- 4.1.- Definición
- 4.2.- Competencias
- 4.3.- Mecanismo de elección e revogación
- 4.4.- Consello de Coordinación

TÍTULO II.- CIRCULOS

Art. 5.- Principios básicos entre os círculos

Art. 6.- Círculos

- 6.1.- Definición
- 6.2.- Competencias
- 6.3.- Modelos de coordinación cos círculos
- 6.4.- Compromiso de participación
- 6.5.- Participación directa dos círculos

TÍTULO III.- FINANZAS E CONTROL FINANCEIRO

Art. 7.- Transparencia e independencia financeira.

Art. 8.- Transparencia interna.

Art. 9.- Responsable financeiro e composición da comisión ampliada de finanzas e da área de financiamento e transparencia.

Art. 10.- Competencias.

Art. 11.- Regulamento.

TÍTULO I.- ORGANOS MUNICIPAIS

Art. 1.- Principios básicos da estrutura territorial

A base da estrutura municipal de PODEMOS replicará na súa organización interna a fórmula organizativa estatal. Neste sentido, e dacordo co artigo 30 e a disposición transitoria novena aprobados na Asamble Cidadá SI SE PUEDE, os órganos a construír no municipio de A Coruña serán:

- Asemblea Cidadá.
- Un/ha Secretario/a Xeral
- Consello Cidadán Municipal formado por vinte membros.

Art. 2.- Asemblea Cidadá municipal

2.1.- Definición

A Asemblea Cidadá municipal é o órgano de decisión de PODEMOS nas competencias municipais recoñecidas polo documento organizativo estatal. A Asemblea Cidadá municipal exerce as súas funcións de maneira continua e participan nesa toma de decisións todos os inscritos de PODEMOS no municipio. Os cauces de participación na Asemblea Cidadá Municipal son os mesmos que para a Asemblea Cidadá Estatal.

As Asembleas Cidadás municipais son o máximo órgano de decisión en PODEMOS no municipio e, polo tanto, correspóndelles autonomía respecto a todas as cuestións de especial relevancia para o conxunto da organización do dito municipio, sempre que non contraveñan os principios xerais reflectidos nos documentos aprobados na Asemblea SI SE PUEDE nin as decisións dunha Asemblea Cidadá de ámbito territorial superior.

As Asembleas Cidadás municipais estarán compostas¹ polo conxunto das persoas inscritas en PODEMOS no respectivo ámbito municipal.

2.2.- Competencias²

Serán competencias exclusivas e intransferibles das Asembleas Cidadás municipais as seguintes:

1. Determinar a forma na que se traducirán os principios programáticos do programa de PODEMOS do territorio.
2. Elaborar, mediante un proceso de primarias abertas e cidadás, as listas electorais para optar a cargos públicos (dende o primeiro ate o último candidato da lista) para as institucións de representación do seu respectivo orde municipal.
3. Aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto ou alianza pre ou post electoral para as institucións de representación dese orde territorial, sempre de forma suxeita aos principios xerais aprobados pola Asemblea de orde superior.
4. Aprobar os programas electorais definitivos (tras un proceso de elaboración participativa e o preceptivo informe de viabilidade económica) sempre de forma suxeita aos principios xerais aprobados pola Asemblea de orde superior.
5. Elixir un Consello Cidadán para o municipio, mediante un sistema de listas abertas correxido con criterios de xénero. O Consello Cidadán do municipio é o máximo órgano do partido entre Asembleas Cidadás municipais.
6. Revogar a calquera dos membros do Consello Cidadán municipal.
7. Definir as funcións do Consello Cidadán municipal
8. Elixir e revogar ao/a Secretario/a Xeral no municipio mediante un sistema electoral de voto directo e definir as súas funcións.
9. Aprobar os regulamentos organizativos municipais e as súas modificacións.
10. Definir as funcións e a forma de coordinación cos Círculos Sectoriais e de ámbito territorial menor ao municipio no caso de que existan.
11. Definir as funcións e a forma de coordinación coa Asemblea e Consellos Cidadáns doutros territorios.

¹ En base ao art. 31.

² En base ao art. 32 e 33.

2.3.- Mecanismos de convocatoria³

Os mecanismos para convocar as Asembleas Cidadás municipais serán:

- Con carácter automático para calquera dos asuntos referentes ás competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá. A organización técnica do proceso correspóndelle ao Consello Cidadán.
- Con carácter permanente, respecto a calquera outro asunto que se considere relevante.

CONVOCAN

TIPO DE ASEMBLEA	Secretaría Xeral	CONSELLO CIDADÁN MUNICIPAL O SUPERIOR	INSCRITOS EN PODEMOS MUNICIPIO	CIRCULOS VALIDADOS
CONSULTA CIDADÁ ORDINARIA con carácter vinculante	SI	Por Maioría Simple	20%	20%
Consulta revogatoria con carácter vinculante	SI	Por Maioría absoluta	25%	25%
Asemblea Cidadá Extraordinaria (presencial)	SI	Por Maioría cualificada de 3/5	35%	35%

En caso de inicio dun procedemento de consulta por parte do corpo de electores, elixirase a unha ponencia da Consulta/Asemblea Extraordinaria que deberá garantir que a proposta de debate estea avalada por polo menos dous técnicos cualificados na materia.

En ningún caso, poderán transcorrer máis de tres anos entre Asembleas Cidadás Municipais. Unha vez transcorrido este prazo, a asemblea cidadá municipal convocarase con carácter automático. A comisión de garantías democráticas velará polo cumprimento de esta esixencia. A Asemblea convocada por este procedemento, chamarase Asemblea Cidadá Municipal Ordinaria. En calquera intre, segundo os mecanismos establecidos, poderá convocarse unha Asemblea Cidadá Municipal Extraordinaria, coas mesmas competencias. En ningún caso poderá transcorrer menos dun ano entre Asembleas Cidadás Municipais extraordinarias.

2.4.- Modificacións estatutarias⁴

Para a modificación sustancial dos regulamentos organizativos municipais e a elección completa dos órganos de dirección será necesaria a convocatoria dunha Asemblea Cidadá Municipal ordinaria ou extraordinaria que incluíra momentos de deliberación presencial.

2.5.- Toma de decisións⁵

As Asembleas Cidadás Municipais poderán adoptar decisións en torno ás materias da súa exclusiva competencia e aquelas de especial transcendencia, a través do seguinte sistema de votación.

- Un quorum mínimo do 10% dos inscritos de PODEMOS no municipio.

³ En base ao art.34

⁴ En base ao art. 35

⁵ En base ao art. 35.

- Un proceso de votación telemático cos debidos requisitos de anuncio, exposición pública do caso e debate que conte cun periodo de votación suficiente no que só poderán participar os inscritos de PODEMOS do ámbito municipal
- De non conseguir estes requisitos, a Asemblea e o Consello Cidadán municipal solo poderán seguir adiante coa decisión, previa consulta ao Consello Cidadán territorial de ámbito inmediatamente superior, e a aprobación da mesma na Asemblea Cidadá presencial.

Art. 3.- Consello Cidadán Municipal

3.1.- Definición⁶

O Consello Cidadán Municipal é o órgano de dirección política con funcións executivas de PODEMOS no noso municipio. Estará composto polo número de membros que defina a súa Asemblea Cidadá na constitución das súas normas de funcionamento territorial en función do número de persoas inscritas no municipio:

- Nos comprendidos entre 100 e 200 inscritos 7 membros
- Entre 200 e 500 inscritos un Consello Cidadán de 11 membros
- Entre 500 e 1000 inscritos un Consello Cidadán de 17 membros
- **Entre 1000 e 2000 inscritos un Consello Cidadán de 21 membros (o caso da Coruña)**
- Más de 2000 inscritos un Consello Cidadán de 25 membros

Os membros elixiránse por un sistema de listas abertas cun criterio de corrección de xénero, e o/a Secretario/a Xeral será membro nato do Consello Cidadán e presidirá as súas reunións.

3.2.- Competencias

Son competencias do Consello Cidadán municipal:

- Desenvolver con funcións executivas as decisións aprobadas pola Asemblea Cidadá Municipal e aquelas conducentes a desenvolver a liña política de PODEMOS no territorio.
- Convocar á Asemblea Cidadá Municipal tanto para as cuestións que resulten preceptivas como para calquera outra consulta.
- Convocar, para cuestións de especial trascendencia, se o estima oportuno, calquera Asemblea de nivel territorial inferior.
- Aprobar o presuposto e a rendición de contas de cada exercicio (sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, según os procedementos previstos, a súa ratificación).
- Aprobar os presupostos das campañas electorais e das actividades específicas do territorio para campañas de nivel estatal ou territorial.
- Nomear aos responsables de Área do Consello Cidadán Municipal.

3.3.- Mecanismos de convocatoria⁷

CONVOCAN				
CONSELLO CIDADÁN	SECRETARÍA XERAL	CONSELLO CIDADÁN MUNICIPAL	INSCRITOS EN PODEMOS MUNICIPIO	CÍRCULOS VALIDADOS
Convocatoria Consello cidadán	Sí	25%	10%	10%

En ningún caso poderán transcorrer máis de tres meses entre dúas reunións plenarias do Consello Cidadán Municipal. O/a secretario/a terá a obriga de convocar ó Consello Cidadán antes de que transcorra ese prazo.

⁶ En base ao art. 37 e 40.

⁷ En base ao art. 38.

3.4.- Funcionamento

O Consello Cidadán Municipal organizarase por áreas de traballo según as necesidades⁸. Cada área de traballo contará cun responsable que terá a tarefa de compoñer equipos capaces de garantir a eficacia executiva do seu traballo.

O Consello Cidadán Municipal rexirase polos criterios de transparencia, participación e eficiencia, implementando medidas como facer públicas e fácilmente accesibles as actas das sesións, establecer mecanismos para facilitar a proposta cidadá de temas no orde do día e asegurar o desenvolvemento de áreas de traballo para levar a cabo esas tarefas.

O Consello Cidadán contará, como mínimo, coas seguintes Áreas:

- Estratexia e campañas, análise político e diagnóstico social
- Municipalismo, xestión pública, medio ambiente
- Relación coa sociedade civil e movementos sociais
- Extensión, participación e círculo
- Dereitos sociais: educación, sanidade, vivenda e dependencia.
- Financiación e transparencia

As áreas estarán obrigadas a consultar sobre as cuestións de especial transcendencia aos Círculos sectoriais municipais ou grupos de traballo que traten temas homólogos.

3.5.- Regulamento⁹

O Consello Cidadán Municipal elaborará, por maioría simple, o seu propio regulamento de funcionamento interno (sin prexuízo de que a Asemblea Cidadá poida esixir, según os procedementos previstos, a súa ratificación).

3.6.- Mecanismos de elección e de revogación

Os membros do Consello (salvo o/a Secretario/a Xeral) elixiránse por un sistema de listas abertas (completas ou incompletas). Cada elector/a poderá amosar tantas preferenzas (non ordeadas) como postos a elixir. Serán membros do Consello Cidadán as 20 persoas máis votadas, introducindo un criterio de paridade de xénero. O seu mandato terá unha duración de tres anos.

Os 20 membros do Consello Cidadán Municipal poderán ser revogados mediante un referendun. Para iniciar un proceso de votación destinado a revogar o mandato dun integrante do Consello Cidadán Municipal, será necesario achegar o aval dun 20% dos inscritos en PODEMOS ou dun 25% dos círculos validados no municipio. O Consello Cidadán Municipal, actuando de maneira colexiada, será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación que terá que levarse a cabo sobre o mesmo corpo electoral que elixiu ao membro do Consello. Os referendos revogatorios sempre serán de carácter individual.

En ningún caso poderá celebrarse máis dun revogatorio no período dun mandato. En ningún caso poderá trascorrer menos dun ano dende o nombramento para a consulta dun revogatorio.

Art. 4.- Secretaría Xeral Municipal

4.1.- Definición¹⁰

O/a Secretario/a Xeral é un membro do Consello Cidadán Municipal que actúa como representante político e institucional do partido no municipio.

⁸ En base ao art. 20.

⁹ En base ao art. 39.

¹⁰ En base ao art. 41.

4.2.- Competencias

Son competencias do/a Secretario/a Xeral Municipal:

- A convocatoria da Asemblea Cidadá Municipal, tanto para todas as cuestións que resulten preceptivas, como para calqueira outra consulta según o establecido nos estatutos.
- Coordinar e presidir as reunións do Consello Cidadán Municipal.
- A convocatoria, para cuestións de especial trascendencia, se o estima oportuno calqueira Asemblea de nivel territorial inferior.

4.3.- Mecanismos de elección e de revogación

O/a Secretario/a Municipal será elixido/a por todos os membros de Podemos no Municipio mediante sufraxio libre e directo.

O proceso de revogación realizarase do mesmo xeito que o sinalado no art. 3.6 sobre os mecanismos de elección e revogación do Consello Cidadá Municipal.

4.4.- Consello de Coordinación

O Consello de Coordinación é o equipo no que se apoia o/a Secretario/a Xeral para a realización das súas tarefas, tanto de carácter público como de coordinación interna.

Estará composto polas persoas elixidas polo Consello a proposta da Secretaría Xeral.

O Consello de coordinación organizarase internamente en secretarías establecidas polo Consello Cidadán a proposta da Secretaría Xeral.

Os membros do Consello de coordinación poderán ser revogados polo/a Secretario/a Xeral pola maioría absoluta do Consello Cidadán ou pola Asemblea Cidadá mediante un referendun.

TÍTULO II.- CIRCULOS

Art. 5.- Principios básicos entre os círculos

A relación entre os círculos establece en base á horizontalidade. Non se establece ningún tipo de xerarquía entre os distintos círculos pertencentes ao municipio. O Consello Cidadán Municipal velará polas condicións de igualdade e de non duplicidade e xerarquía.

Os círculos establecidos no municipio non poderán solaparse, total ou parcialmente, sobre un mesmo ámbito territorial ou sectorial. No caso de conflito seguirase o procedemento fixado no documento organizativo estatal.

Os círculos sectoriais municipais, constitúense aplicando o principio de horizontalidade entre os círculos municipais. Os círculos sectoriais municipais, teñen autonomía para establecer as formas de relación cós círculos do seu ámbito sectorial e doutros territorios.

Art. 6.- Círculos

6.1.- Definición

Os círculos son unha agrupación voluntaria e aberta no que converxen persoas dentro do municipio interesadas na transformación social sustentada pola democracia, a dignidade e os dereitos humanos¹¹.

¹¹ En base ao art. 42

6.2.- Competencias

- Convocar consultas á Asemblea Cidadá Municipal e debates no Consello Cidadán Municipal (según os criterios que recolle o documento organizativo aprobado na Asemblea Estatal SÍ SE PUEDE).
- Traballar na dinamización política e social, fomentando a información e participación da cidadanía.
- Manter un contacto fluído e permanente cos actores da sociedade civil e cos movementos sociais.
- Fomentar a inclusión cidadá nos procesos participativos de PODEMOS e no control dos representantes, a través dos mecanismos que garanten o dereito a voz e voto a todos os membros nas Asembleas Cidadás Municipais a través de ferramentas de participación e de votación, retransmisións en streaming dos momentos de deliberación presencial, puntos de votación non telemáticos, etc.

6.3.- Modelos de coordinación cós círculos

O Consello Cidadán Municipal establecerá as canles de participación nas súas áreas de traballo temáticas, a través das cales se estableza un espazo común de coordinación cos círculos.

Os círculos poderán propor ao Consello Cidadán Municipal a creación de áreas de traballo específicas.

6.4.- Compromisos de participación

PODEMOS impulsará equipos de participación no municipio que axuden a vencer a lagoa dixital difundindo e ensinando a utilizar as ferramentas de participación e poñendo á dispoñibilidade de toda a cidadanía dispositivos informáticos que permitan a calquera persoa acceder a elas.

Os equipos de participaciónn municipais, serán tamén os responsables de obter as búsquedas no "Banco de Talentos", dos perfís que nos seus Círculos ou Consellos Municipais, sexan necesarios para algún proxecto ou tarefa determinada.

O Consello Cidadán Municipal e os círculos, deberán visibilizar todas as súas iniciativas no blog oficial de PODEMOS, en particular, publicando as actas das súas sesións, cunha demora non maior dun mes.

Replicaranse as experiencias de www.podemos.info, para facilitar o debate no nivel municipal e autonómico, e para impulsar propostas e debates que poidan corresponder as expectativas e problemáticas locais, dándose a posibilidade de que xurdan consultas cidadás e procesos de revogación.

As consultas cidadás e as revogacións, volcaranse nos espazos de "Praza Podemos" do ámbito territorial ao que vaian dirixidas, ou no espazo telemático que determine a Área de Participación. Esta primeira fase, terá como obxectivo fundamental a discusión e reforzamento das propostas a partir do debate público, e a consecución do apoio necesario, establecido nos estatutos, para poder pasar á seguinte fase. Unha vez obtidos os avais necesarios, pasará á sección de <http://participa.podemos.info> podendo ser avalada por todo o censo dos inscritos de ámbito municipal, ata alcanzar a porcentaxe do censo necesaria para impulsar unha votación vinculante a todos os inscritos para a súa aprobación.

O Consello Cidadán, habilitará a posibilidade de que se celebre unha reunión mensual se fose necesario para facilitar a posta en práctica dos mecanismos de aval de iniciativas e promocións de consultas por parte dos círculos.

En particular poderase convocar ata unha Asemblea Extraordinaria por mes na que debatir e decidir sobre as mesmas. Esta Asemblea requerirá un quorum, de polo menos dun 5% dos inscritos no seu ámbito territorial. Os enlaces de participación irán comunicando os avais que otorguen os seus círculos, ata acadar a porcentaxe establecida nos estatutos para impulsar unha votación vinculante a todos os inscritos.

6.5.- Participación directa dos círculos

O Consello Cidadán comprométese a que:

- Cada círculo barrial ou sectorial conte cunha persoa identificada como "enlace" no Consello Cidadán Municipal. O membro do Consello que teña funcións de enlace con algún Círculo deberá comprometerse a asistir cunha periodicidade consensuada ás Asembleas deste, ao obxecto de cumprir coa labor de conectar entre ambas estruturas da organización.
- Obrigación de rendición de contas dos membros do Consello Cidadán ante os círculos en cada Asemblea con carácter bimensual, cun punto fixo da Orde do Día da Asemblea dos Círculos territoriais e sectoriais cando certas cuestións lles afecte.
- Compromiso de invitar a portavoces dos círculos e/ou organizar debates cidadáns previos cando o Consello deba tratar asuntos concretos (barrios, sectoriais, etc..)
- Creación dun equipo de participación no Consello Cidadán que axude a desenvolver os mecanismos de participación directa aprobados pola organización. Este equipo de Participación do Consello Cidadán terá como funcións:
 - Axudar a mellorar as capacidades aos círculos na facilitación de reunións e asembleas, etc...
 - Dotar de ferramentas e formación aos círculos para coñecer e poder fomentar e artellar a participación da cidadanía máis aló dos círculos.
 - A petición de círculos nos que existen conflitos, e según acordo consensuado por ambas partes, acudir a realizar mediación de conflitos, como paso previo á intervención da Comisión de Garantías Democráticas.
- Cada seis meses o Consello Cidadán Municipal convocará reunións temáticas con actores da sociedade civil, vinculados ás áreas prioritarias de traballo de PODEMOS (educación, vivenda, deuda, etc..) ao obxecto de incorporar as súas demandas ao debate orgánico de PODEMOS.

TÍTULO III.- FINANZAS E CONTROL FINANCEIRO

Art. 7.- Transparencia e independencia financeira.

Tal e como se establece no documento organizativo aprobado a nivel estatal, os principios rexedores das finanzas de PODEMOS serán a transparencia e a independencia.

Podemos funcionará con criterios de transparencia financeira e rendemento de contas, respectando os seguintes preceptos:

- Podemos fará pública a información económica buscando a maior accesibilidade, difusión e regularidade, facendo uso das novas tecnoloxías.
- O partido levará ademais o Libro de Afiliacións, de Actas, de Contabilidade, de Tesourería, e de Inventarios e Balances, que permitan en todo momento coñecer a situación financeira. Realizaranse informes de transparencia detallado cunha periodicidade trimestral e publicarase unha memoria anual.
- Podemos asume ca información económica é pública e publicable, a excepción daqueles datos de carácter persoal que por motivos de lexislación relativa á protección de datos non se poidan facer públicos.
- Podemos consolidará as contas de tódolos ámbitos territoriais e das entidades vinculadas que sexan validadas administrativamente por parte dos consellos cidadáns competentes.
- Podemos aplicará os criterios de independencia financeira respectando os seguintes elementos a todos os niveis:
 - Podemos non contraerá débedas con entidades bancarias e para as súas contas correntes primará sempre o uso da banca ética e/o cooperativa.
 - As doazóns estarán limitadas nun máximo de 10.000€ por ano e persoa, a excepción dos cargos electos de Podemos. Publicaranse os nomes de tódolos donantes de mais de 5.000€ respectando a Lei Orgánica de Protección de Datos.

Art. 8.- Transparencia interna.

Calquera membro de Podemos terá o dereito a acceder a tódolos documentos económicos na posesión do partido, coa única limitación do contido na Lei Orgánica de Protección de Datos.

Art. 9.- Responsable financeiro e composición da comisión ampliada de finanzas e da área de financiamento e transparencia.

En base ao módulo de financiación do documento organizativo aprobado na Asemblea Cidadá "Si se Pode", sobre a estrutura financeira do nivel municipal, establécese que o Consello Cidadá Municipal elixirá, como mínimo, a un responsable financeiro, que pertencerá á área de financiamento e transparencia do Consello, e coordinarase coa comisión de finanzas autonómica. Esta persoa designada polo Consello Cidadán Municipal, xunto a outros membros pertencentes á área de financiamento e transparencia (se así o decidise o Consello), e a un responsable de finanzas de cada un dos círculos do territorio que xeren ingresos e gastos formarán a comisión ampliada de finanzas, co fin de asegurar o correcto desenvolvemento financeiro da actividade desenvolvida por Podemos no municipio.

O responsable financeiro será o encargado de coordinar a comisión ampliada de finanzas. Dito responsable responsabilizarase da xestión diaria das finanzas de forma dilixente e de acordo aos principios, regulamentos e protocolos establecidos.

O responsable financeiro presentará un informe anual ante a Asemblea Cidadá e o Consello Cidadán. As Contas Anuais serán asinadas polo responsable financeiro xunto con, polo menos, un responsable político a todos os niveis da organización. O responsable financeiro será responsable de calquera obrigación legal atribuída ó tesoureiro recollida na L.O. 8/2007 ou nas súas revisións posteriores.

A comisión ampliada de finanzas poderá contar cunha estrutura administrativa que lle permita apoiar as labores contables ós círculos do seu municipio.

A comisión ampliada de finanzas encargarse de velar polo cumprimento dos principios e requisitos de transparencia no seu municipios co apoio da comisión de finanzas autonómica.

Art. 10.- Competencias.

O responsable financeiro municipal encargarse, xunto ás comisións autonómicas, da coordinación da canalización e do control financeiro da parte do presuposto asinado ás actividades dos círculos dos municipios.

Será función dos membros da área de financiamento e transparencia do Consello, en coordinación coa comisión autonómica:

- Xestionar os presupostos participativos para proxectos sociais nos seus municipios se se asignasen fondos a tal efecto.
- Garantir o apoio necesario das estruturas políticas municipais no desenvolvemento das súas actividades.
- A comisión de financiamento e transparencia municipal fará a función de fiscalización económica dos representantes e cargos electos do seu territorio, encargándose da publicación do seu patrimonio, ingresos e gastos.
- A implementación dos protocolos e regulamentos acordados a nivel estatal e autonómico.
- A canalización e control financeiro da parte do presuposto asignado ás actividades dos círculos dos seus municipios, e o apoio á(s) asociación(s) de Podemos vinculada(s) ó partido que poidan crearse por parte dos círculos no municipio.

Os ingresos das estruturas municipais chegarán das asignacións municipais do presuposto estatal canalizadas polo nivel autonómico, aínda que poderán aumentar mediante subvencións locais se as houbera, excluindo unha parte destes ingresos que se destinarán aos presupostos estatais para redistribuílos solidariamente entre o conxunto de Podemos.

Art. 11.- Regulamento.

A comisión ampliada de finanzas terá un regulamento propio de funcionamento que será sometido á ratificación da Asemblea Cidadá Municipal e que integrará, tanto aspectos internos de

funcionamento, como unha política de actuación (política de provedores e de contratación) en base aos criterios establecidos pola comisión de finanzas estatal.